

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
OURENSE**

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DE
EDUCACIÓN AUDITIVA E
VOCAL**

CURSO 2007-2008

CONSIDERACIÓNS DIDÁCTICAS XERAIS

O obxectivo básico de toda educación musical consiste en aproximar un obxecto tan prezado e estimable como é a música á percepción total do ser humano. A educación auditiva e a educación vocal supoñen un vehículo indispensable para a consecución deste obxectivo.

Historicamente, a formación musical centrouse en dous aspectos fundamentais: por unha banda, a ensinanza dirixiuse aos problemas da adquisición de habilidades de execución vocal ou instrumental e, por outra, intentou afondar no coñecemento relativo á estrutura do discurso musical.

Co devir do tempo, considerouse a posibilidade de que un aspecto que non se tivera en conta no pasado fose susceptible de aprenderse e se incorporara ao feito da aprendizaxe, isto é, o oído musical. Xa que logo, comezouse, dentro da linguaxe musical, a incluír estratexias de desenvolvemento de habilidades auditivas.

Habitualmente considérase o oído musical como unha habilidade indispensable nos desempeños musicais. Dependendo do punto de vista, esta habilidade pódese considerar desde un atributo innato do músico, independentemente da cultura musical á que pertenza, ata o resultado dun meticuloso e ordenado proceso de aprendizaxe relacionado intimamente co coñecemento cultural específico que implica o saber escoitar. Ambos os puntos de vista conflúen na consideración de que a educación auditiva e vocal debe ser propedéutica na formación académica dun músico.

Así mesmo, constitúe un feito equivocado considerar que o instrumentista non necesita cantar. A experiencia vocal halle proporcionar unha dimensión humana máis interiorizada do son físico. Saber cantar con musicalidade halle posibilitar a comprensión dun fragmento e, por tanto, aforrar moito esforzo no proceso de aprendizaxe instrumental. Se o canto é, ademais, polifónico, multiplícanse os poderes pedagóxicos. A plasticidade espacial deste fenómeno polisonoro, polirrítmico, politímbrico e polidinámico achégalle ao alumnado unha dimensión social e artística única e insubstituíble.

O futuro profesional debe ser quen de escoitar e cantar co seu propio corpo físico e emocional, potenciar as súas capacidades perceptivas e coñecer a música integralmente. É dicir, debe poder apreciar e sentir a música non só co intelecto senón tamén cos outros sentidos; de aí que o traballo de desenvolvemento auditivo e vocal estea integrado en tres fases: auditiva, analítica e perceptivo-sensorial.

Xa que logo, o maior esforzo do profesorado deberíase centrar na recuperación dunha percepción espontánea e desinteresada dos sons, a través do aumento -cualitativo e cuantitativo-da estimulación auditiva do alumnado a través do son, da música e das cancións. O folclore musical constitúe un tipo de alimento auditivo-espiritual completo, denso, pero ao mesmo tempo inocuo, capaz de preparar o oído e a sensibilidade para futuras adquisicións e para unha etapa de madurez.

OBXECTIVOS

- Valorar a importancia da memoria como recurso indispensable no desenvolvemento da audición activa.
- Afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).
- Potenciar a memoria como base para a formación do oído interno.
- Desenvolver o traballo vocal en grupo e coñecer os elementos básicos da interpretación, tendo en conta as normas e as regras que rexen a actividade musical de conxunto.

CONTIDOS

Educación auditiva.

- Sensibilización e recoñecemento dos movementos melódicos.
- Reproducción escrita dos movementos melódicos, rítmicos e melódico-rítmicos.
- Recoñecemento auditivo e reprodución escrita de intervalos melódicos maiores, menores e xustos, que non excedan da oitava.
- Recoñecemento auditivo e reprodución escrita de intervalos harmónicos maiores, menores e xustos, que non excedan da oitava.
- Sensibilización e identificación do modo maior e menor.
- Identificación auditiva da alteración accidental.
- Identificación auditiva da tonalidade: escalas, graos e funcións.
- Coñecemento e identificación dos elementos formais (frases, cadencias, etc.) e das formas básicas. Reprodución escrita dunha composición a dúas voces: o baixo realizarase utilizando os graos tonais.
- Identificación de erros e diferenzas entre un fragmento escrito e un escoitado.

Educación vocal.

- Coñecemento e práctica da respiración, a relaxación e a vocalización, tanto na voz falada como na voz cantada.
- Sensibilización pola afinación e polo empaste.

- A articulación e o fraseo.
- O canon como recurso didáctico para a iniciación coral.
- Práctica da canción popular e da canción de autor a unha, a dúas e tres voces.
- Improvisación vocal con proposta previa.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar os erros e as diferenzas existentes entre un fragmento escrito e o escoitado. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para discriminar auditivamente as posibles diferenzas entre o escoitado e o escrito.
- Identificar auditivamente o modo maior e menor dunha obra ou dun fragmento. Preténdese constatar a capacidade do alumnado para recoñecer este fundamental aspecto da audición dándolle elementos para a súa audición intelixente.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos (rítmicos, melódicos, cadenciais, formais, tímbricos etc.), tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.
- Reproducir por escrito fragmentos rítmicos escoitados. Mediante este criterio avalíase a capacidade do alumnado para recoñecer e reproducir aspectos rítmicos coñecidos.
- Reproducir por escrito fragmentos melódicos escoitados. Avaliamos aquí a capacidade de interiorizar e reproducir graficamente movementos melódicos con sentido tonal.
- Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos melódico-rítmicos escoitados. Trátase de avaliar a destreza para captar conxuntamente os aspectos melódicos e rítmicos do fragmento escoitado.
- Recoñecer e reproducir por escrito fragmentos musicais a dúas voces. Con este criterio de avaliación compróbase a percepción do alumnado constatando a faceta polifónica da audición.
- Entoar, integrándose no grupo, unha das voces dun canon ou fragmento musical polifónico. Con esta proba trátase de obxectivar a destreza do alumnado para se adaptar musicalmente e sonoramente a un grupo.
- Amosar a capacidade de aprendizaxe progresiva individual nos estudos e os métodos de traballo. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo os métodos de traballo e as indicacións do profesorado, desenvolvendo así unha autonomía que lle permita unha certa valoración do rendemento.

PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL.

. Identificación de sons. Realizaranse exercicios destinados á identificación auditiva dun son concreto misturado entre outros, cun ámbito dunha escala.

. Fórmulas rítmicas. Visualización, memorización, ordenación e identificación de fórmulas rítmicas. A finalidade destes exercicios nas súas distintas modalidades, ademáis de fortalecer a memoria, é a de agudizar a percepción do alumno en detalles rítmicos e melódicos que normalmente pasan desapercibidos.

. Destreza auditiva. Graos conxuntos e disxuntos. Realizaranse exercicios que serven para percibir con claridade cándoo o sonido vai por graos conxuntos e cándoo hai un salto, aspecto básico á hora de afrontar un ditado musical.

. Memorización e repetición de deseños. Realizaranse exercicios destinados a exercitar a memoria musical e a controlar a repetición exacta de pequenos deseños melódicos.

. Corrección de erros. Realizaranse exercicios para agudizar o sentido da observación tanto no aspecto rítmico como no melódico para detectar posibles erros na escritura musical.

. Identificación de compases binarios, ternarios e cuaternarios. Mediante a audición de melodías preténdese que os alumnos saiban diferenciar claramente diferentes compases nos que están escritas as melodías.

. Ditados rítmicos, melódicos e combinados.

. Análise musical, baseado en melodías sinxelas das que se poden extraer uns elementos analíticos acordes co nivel de coñecementos dos alumnos nesta fase pedagóxica. É a culminación de todo o proceso anterior. A análise leva á comprensión da música dunha maneira global. Canto máis minucioso sexa, maior e mellor será o enriquecemento musical dos alumnos.

CONCEPTOS

- Pulso.
- Sons longos e curtos.
- Silencio.
- Alturas: grave – agudo.
- Direccións básicas do son: ascendente, descendente e lineal.
- Direccións combinadas do son.
- Escritura musical. Caligrafía.
- Tónica – Dominante (Reposo – Tensión).
- Pregunta – Resposta.
- Acentuación.
- División do pulso.
- Visualización e memorización de fórmulas rítmicas.

- Figura de dous pulsos: Branca.
- Acorde maior. (Arpexio).
- Memorización e repetición de deseños.
- A Oitava.
- Acorde maior. (Acorde).
- Ritmo ternario.
- O puntiño aplicado á branca.
- Graos conxuntos.
- Zona aguda do acorde.
- A escala.
- Negra con puntiño.
- Oa sons graves.
- A redonda. Compás de 4/4.

OBXECTIVOS

- Percibir o pulso.
- Diferenciar negra e dúas corcheas.
- Diferenciar o silencio de negra.
- Percibir a altura do son.
- Diferenciar direccións do son en combinacións diferentes.
- Iniciarse na escritura musical.
- Recoñecer auditivamente o sol.
- Percibir frases musicais.
- Diferenciar acentos.
- Percibir a división do pulso en dúas partes iguais.
- Recoñecer e memorizar fórmulas rítmicas e corcheas.
- Percibir a duplicación do pulso.
- Percibir melódicamente o acorde maior.
- Iniciarse no ditado por anacos.
- Percibir a oitava.
- Percibir o acento ternario.
- Percibir e practicar valores de tres pulsos.
- Diferenciar graos conxuntos e disxuntos.
- Percibir ritmo de negra con puntiño e corchea.
- Percibir e identificar sons graves.
- Percibir e practicar valores de catro pulsos.

SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL.

- . Ordenación de melodías coñecidas que previamente foron fragmentadas en varios módulos que aparecen desordenados.
- . Identificación de compases binarios, ternarios e cuaternarios. Mediante a audición de melodías preténdese que os alumnos saiban distinguir claramente os diferentes compases nos que estén escritas.
- . Corrección de erros. Realizaranse exercicios para agudizar o sentido da observación tanto no aspecto rítmico como no melódico para detectar posibles erros na escritura musical.
- . Fórmulas rítmicas. Visualización, memorización, ordenación e identificación de fórmulas rítmicas.
- . Memorización e repetición de deseños. Realizaranse exercicios destinados a exercitar a memoria visual e a controlar a repetición exacta de pequenos deseños melódicos.
- . Acordes maiores e menores. Realizaranse exercicios destinados a distinguir polo son os acordes maiores dos menores.
- . Ditados rítmicos, melódicos ou combinados.
- . Análise musical, baseado en melodías sinxelas das que se poden extraer uns elementos analíticos acordes co nivel de coñecementos dos alumnos nesta fase pedagóxica. É a culminación de todo o proceso anterior. A análise leva á comprensión da música dunha maneira global. Canto máis minucioso sexa, maior e mellor será o enriquecemento musical dos alumnos.

CONCEPTOS

- División do pulso.
- Silencio de corchea.
- Modo maior e modo menor.
- Intervalos.
- Notas a contratempo.
- Semicorcheas.
- Síncopas.
- Escala de La m armónica.
- A sensible.
- Negra con puntiño.
- Módulos.
- Compases.
- Análise.
- Pulso ternario.
- Intervalos numéricos.
- Fa Maior

- Acordes maiores e menores.
- Re menor.
- Fórmulas de memorización. Erros.
- Sol Maior.
- Mi menor.
- O tresíño.
- Diferenciación de compases.

OBXECTIVOS

- Percibir e practicar corcheas e o seu silencio.
- Memorizar pequenos fragmentos.
- Diferenciar auditivamente entre modo maior e menor.
- Diferenciar intervalos numéricos.
- Practicar e identificar notas a contratempo.
- Realizar ditados en Do Maior, La menor, Fa Maior, Re menor, Sol Maior e Mi menor.
- Percibir erros nunha melodía escoitada en comparación ca escrita.
- Diferenciar a sensible.
- Percibir a negra con puntiño.
- Diferenciar fragmentos.
- Diferenciar compases.
- Analisar melodías escritas nas tonalidades citadas anteriormente.
- Diferenciar pulso binario e ternario.
- Practicar intervalos tanto vocal como auditivamente.
- Ordenar melodías previamente desordenadas.
- Distinguir acordes maiores de menores.
- Percibir auditivamente o ritmo sincopado.
- Diferenciar entre pulso binario e ternario dentro dun mesmo compás.

TERCEIRO CURSO DE EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL.

. Intervalos melódicos. Dende a diferenciación entre tono e semitono ata o intervalo de oitava.

. Memorización e repetición de deseños. Realizaranse exercicios destinados a exercitar a memoria visual e a controlar a repetición exacta de pequenos deseños melódicos.

. Acordes maiores e menores. Realizaranse exercicios destinados a distinguir polo son os acordes maiores dos menores.

. Fórmulas rítmicas. Visualización, memorización, ordenación e identificación de fórmulas rítmicas. Realizaranse exercicios para fortalecer a memoria e para agudizar a percepción do alumno en detalles rítmicos e melódicos que normalmente pasan desapercibidos.

. Corrección de erros. Realizaranse exercicios para agudizar o sentido da observación tanto no aspecto rítmico como no melódico para detectar posibles erros na escritura musical.

. Ordenación de melodías coñecidas que previamente foron fragmentadas en varios módulos que aparecen desordenados.

. Identificación de compases binarios, ternarios e cuaternarios. Mediante a audición de melodías preténdese que os alumnos saiban distinguir claramente os diferentes compases nos que estén escritas.

. Ditados musicáis. Nun primeiro momento taballaranse ditados combinados (rítmico-melódicos) a unha voz en diferentes tonalidades ata dúas alteracións na armadura. Posteriormente iniciárase o ditado a dúas voces. O alumno debe escribir unha segunda voz que procede por graos conxuntos ou que contén só os graos tonales. Daráselle ó alumno a primeira voz como referencia e algunhas axudas a segunda voz. Ó final da aprendizaxe o alumno realizará ditados a dúas voces.

. Análise musical, baseado en melodías sinxelas das que se poden extraer uns elementos analíticos acordes co nivel de coñecementos dos alumnos nesta fase pedagóxica. É a culminación de todo o proceso anterior. A análise leva á comprensión da música dunha maneira global. Canto máis minucioso sexa, maior e mellor será o enriquecemento musical dos alumnos.

CONCEPTOS

- Tono e semitono.
- Intervalos melódicos. 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, 7ª e 8ª.
- Acordes M e m. Melódicos e armónicos.
- Deseños melódicos.
- Ditado musical a unha e dúas voces.
- Erros rítmicos e melódicos.

- Memorización de fragmentos.
- Fórmulas rítmicas.
- Compases.
- Análise.
- Módulos.

OBXECTIVOS

- Practicar e diferenciar tonos e semitonos.
- Practicar e diferenciar intervalos numéricos.
- Practicar e diferenciar deseños melódicos.
- Practicar e diferenciar e acortes maiores e menores.
- Ditados a unha e dúas voces.
- Practicar e diferenciar fórmulas e esquemas rítmicos.
- Diferenciar erros nunha partitura en relación co escoitado.
- Memorizar melodías.
- Analisar melodías en distintas tonalidades.

CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL.

. Intervalos melódicos. Dende a diferenciación entre tono e semitono ata o intervalo de oitava. Alternancia de intervalos armónicos e melódicos. Darase especial importancia ós intervalos tonales (4ª, 5ª e 8ª) e ós intervalos de 3ª e 6ª.

. Acordes maiores e menores. Realizaranse exercicios destinados a distinguir polo son os acordes maiores dos menores, e saber reconstruír esos acordes a partir de dúas notas ou incluso dunha sola das notas que o forman.

. Escalas menores. Realizaranse exercicios destinados a diferenciar auditivamente os catro tipos de escalas menores.

. Frase musical. O alumno deberá percibir auditivamente algunhas combinacións que poden darse na estrutura das frases musicáis.

. Equivalencias. Realizaranse exercicios para que os alumnos perciban claramente cando hai cambio de compás e se ese cambio comporta un pulso diferente ou se mantén o mesmo.

. Identificación de compases binarios, ternarios e cuaternarios. Mediante a audición de melodías preténdese que os alumnos saiban distinguir claramente os diferentes compases nos que estén escritas.

. Ditados musicáis. Nun primeiro momento taballaranse ditados combinados (rítmico-melódicos) a unha voz en diferentes tonalidades ata dúas alteracións na armadura. Algunhos faranse en clave de Fa. Posteriormente faranse ditados a dúas voces, seguindo a progresión do curso anterior. Neste curso o alumno ten que escribir as dúas voces completas.

. Análise musical, baseado en melodías sinxelas das que se poden extraer uns elementos analíticos acordes co nivel de coñecementos dos alumnos nesta fase pedagóxica. É a culminación de todo o proceso anterior. A análise leva á comprensión da música dunha maneira global. Canto máis minucioso sexa, maior e mellor será o enriquecemento musical dos alumnos.

CONCEPTOS

- Intervalos. Número e especie.
- Compases.
- Escalas menores. Natural, armónica, melódica e dórica.
- Frase musical: Binaria, ternaria e cuaternaria.
- Equivalencias. Cambios de compás.
- Ditado musical a unha e dúas voces.
- Acordes.
- Análise musical.

OBXECTIVOS

- Practicar e diferenciar intervalos melódicos e armónicos.
- Diferenciar compases.
- Diferenciar auditivamente escalas menores.
- Realizar e identificar frases musicáis.
- Realizar ditados a unha e dúas voces.
- Practicar auditivamente cambios de compás con equivalencia de figuras iguais ou diferentes.
- Practicar acordes completos ou incompletos.
- Realizar análise de melodías en diferentes tonalidades.

